¿Que son as oficinas de información ó consumidor?

Son un servizo gratuíto de información, educación ó consumidor e usuario, dependentes do Concello.

¿Cales son as súas funcións?

- Información,axuda e orientación os usuarios.
- Recepción, rexistro e acuse derecbo de reclamacións e denuncias dos consumidores e a súa remisión aso organismos competentes.
- Educación e formación en materia de consumo, así como facilitar as vías de resolución de litixios entre empresarios e consumidores.
- Resolver os problemas cotiáns mediante a realización de actos de mediación ente as partes.

¿Que se entende por consumidores?

Son consumidores e usuarios as persoas físicas ou xurídicas que adquiran, empreguen ou disfruten bens mobles ou inmobles, productos, servizos e actividades calquera que sexa a súa natureza, pública ou privada, individual ou colectiva, de que ou produce ou intervén, directa ou indirectamente, na súa comercialización, sempre que o destino final sexa o seu uso persoal, familiar ou colectivo.

Dereitos e deberes dos consumidores e usuarios:

- A protección da saúde e seguridade: os productos ou servizos ofertados no mercado deben ser subministrados ou prestados de xeito que en condicións razoables non conleven consigo riscos para a vida ou a saúde dos consumidores ou usuarios.
- A protección dos intereses económicos e sociais dos consumidores que deberán ser respectados e defendidos nos termos establecidos no Estatuto Galego do Consumidor e Usuario.
- A información e educación en materia de consumo: os consumidores teñen dereito a recibir unha información veraz, completa, obxectiva e eficaz sobre bens e servizos postos a súa disposición no mercado.
- A representación, consulta e participación a través da asociación de consumidores: dereito a constituírse en organizacións e asociacións para facer efectiva a representación e defensa dos seus intereses.
- A reparación de danos e prexuízos: os consumidores teñen dereito a unha eficaz protección xurídica, administrativa e técnica e a prevención e preparación de danos e prexuizos que poidan sufrir.

IMPRESO POSTAL
SEN DIRECCIÓN

OMIC

OMIC do Concello de Rois.
Lugar de Samil nº1.
15911 Rois.

CONCELLO
DEROIS

¿Qué son as oficinas de información aos consumidores?